



## esquerda unida Nigrán

### **PERSOAS MAIORES**

#### **Introdución**

Desde a candidatura de Esquerda Unida realizaremos políticas de apoio a este colectivo desde o Concello. A primeira delas é detectar as necesidades e inquiredanzas das persoas maiores e a partir de aí propoñer solucións. Imprescindible é de cara ás persoas maiores unha mellora dos Servizos Sociais, especialmente o Servizo de Axuda no Fogar, medidas xa recollidas no apartado de **Servizos Sociais**.

Propoñemos a creación de Plans Municipais Integrais de Atención a Persoas Maiores, en coordinación técnica, organizativa e financeira coas outras administracións.

#### **Comprometémonos neste mandato:**

##### **1. Centro de Día.**

Na comarca do Val Miñor existe un Centro de Día para persoas maiores en Baiona, non existindo en Nigrán.

- A traballar para a construción dun Centro de Día no terreo ocupado polo vello Centro de Saúde de Panxón.

##### **2. Programa de Voluntariado para persoas maiores.**

- Impulsar e fomentar o voluntariado entre as persoas maiores. Un exemplo podería ser a participación das persoas maiores en “itinerarios escolares seguros”

##### **3. Espazos interxeracionais**

- Crear espazos interxeracionais de proximidade, onde convivan a infancia, a xuventude e as persoas maiores, en colaboración cos centros culturais e colectivos parroquiais.

##### **4. Fenda dixital**

- Continuar coas actividades de cara a minorar a fenda dixital das persoas maiores.

- Asesor a veciñanza, especialmente as persoas maiores, no uso da administración electrónica desde a Unidade de Información do Concello que nos comprometemos a crear.

- Realizar de talleres sobre as novas tecnoloxías e os perigos e riscos que levan consigo.